Memoria de execución do <<Programa "CIDADE ALEGRE": A mobilidade sostible e o espazo público como elementos de convivencia veciñal>>

presentado ao concurso "A RÚA É TÚA" do Concello de Ferrol

Setembro de 2018

A/A: ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL

Resultado das accións planificadas no Programa “Cidade Alegre”

A continuación detállanse os datos relativos ás actividades realizadas durante a xornada de promoción da Mobilidade Sostible no barrio de Canido, no seo do programa “A rúa é túa”, do concello de Ferrol e que tiveron lugar o domingo 23 de setembro de 2018 en horario de mañá e tarde:

Exhibicións deportivas

- Lugar: Parque da Fenya / Cruce de Alegre con Rúa Coruña
- Persoas / Entidades colaboradoras: Centro Deportivo Carlota Manrique, Espacio Vivo, Asociación Savate Boxeo Francés, “Clube Baloncesto Base Costa Ártabra”
- Horario: 11.00 – 13.00 horas
- Cometido: favorecer a práctica saudable de actividades físicas
- Tipos de actividade:
- 11.00 - SAVATE (BOXEO FRANCÉS). Exhibición.
- 11.00 – TORNEO 2X2 DE CADETES DO BBCA FEMININO e MASCULINO.
- 11.30 – KRAV MAGA. Exhibición.
- 12.00 – ZUMBA. Clase aberta.
- 13.00 – PILATES. Clase aberta.
- Participación de 150 persoas (aproximadamente 30 en cada actividade)

Triciclo musical

- Lugar: Diversos lugares no barrio
- Entidades colaboradoras: Lilicleta
- Horario: 11.00 – 20.00 horas
- Cometido: Animación musical itinerante e mestre de cerimonias na carreira lenta de bicis e diversos momentos de cambio de actividades, no horario de mañá e tarde.

Chef solar e xogos populares

- Lugar: Praza da Auga
- Entidades colaboradoras: Asociación Picos do Sol
- Horario: 11.30 – 16.00 horas
- Cometido: Proxecto divulgativo dos usos do sol, cos principios de sustentabilidade, xustiza social e práctica transformadora. Con obradoiros de cociñas solares de baixo custe, exposicións e xogos.
- Participación de 250 nenos/as ao longo do horario de exposición.

Carreira lenta de bicis

- Lugar: traxecto dende a Praza de Canido ate o cruce Doutor Sixto con Maiola, pola rúa Alegre
- Persoas / Entidades colaboradoras: Veciñanza do barrio
- Horario: 12.00 – 12.30 horas
- Cometido: divulgar os valores da desaceleración e a non competitividade, fomentando o uso da bicicleta, medio e transporte que se utilizou ao longo da xornada ate as 20.00 horas para desprazarse polo barrio; ademais doutros recursos ciclables como patinetes, etc.
- Participación de 40 persoas.

Posto de mercadiño solidario

- Lugar: Corral de Chapón
- Persoas / Entidades colaboradoras: Maxia por Nadal
- Horario: 12.00 – 20.00 horas
- Cometido: realización de agasallos de Nadal a persoas con dificultades económicas, mediante a compra de produtos de segunda man e artesanía.
- Visita de 60 persoas.

Proxección de audiovisuais e curtametraxes

- Lugar: Corral de Chapón
- Entidades colaboradoras: AV Canido
- Horario: 12.00 – 15.00 horas
- Cometido: divulgar boas prácticas de consumo responsable, xestión de residuos e prácticas medioambientais.
- Listado de proxección documental:
- Vivir sin aire
- Ruido de fondo
- Refugiados de la tierra
- Tukki, la huella ambiental.
- Curtametraxes:
- A illa das flores
- Experiencias de mobilidade sostible en Europa:
- Budapest
- Estocolmo
- Viena
- Malmö
- Bruxelas
- Visita de 30 persoas.

Asaltos musicais

- Lugar: Praza da Auga, Cruce Alegre con rúa Coruña, Corral de Chapón, Pérez Parallé, Insua, etc.
- Horario: 12.00 – 15.00 horas
- Cometido: Sorprender aos viandantes cun set de percusión conformado por tres músicos.
- Artistas participantes: Ignacio Sanz Santás, profesor de percusión, Pilar García Ríos, profesora de percusión e alumno.
- Estimación de público nos 6 asaltos: 300 persoas (50 persoas en cada set)

Des-Tapa-Canido

- Lugar: Rúa Alegre, Praza do Cruceiro, Ínsúa e Pérez Parallé
- Entidades colaboradoras: Hostalería do barrio
- Horario: 13.00 – 17.00 horas
- Cometido: Roteiro músico-gastronómico en 5 puntos distintos do barrio, no que participan 11 establecementos hosteleiros (Gato, Baluarte, Rueiro, Imos Aló, A Nogueira, D`Tapas, Rías Altas, El Clavel, Manita, SRD Canido e Artesa); completar a oferta gastronómica cunha oferta cultural, na que se potencian a identidade dos artistas de Canido.
- Artistas participantes: Martín Otero Ferreira, Jess & BJ, "Maina Materia" (Eugenia Manuela Sanmartín Alonso e Lidia India); Esther Zamora, saxo, Alex Mariño, contrabaixo, Xosé Pedrós, batería, Gabriel Sima e convidados.

Concerto Tempo

- Lugar: Parque da Fenya
- Entidades colaboradoras: Concerto Tempo
- Horario: 14.30 horas
- Cometido: Divulgación de actividades que se ofertan no centro cívico, ademais do coro infantil dirixido a escolares de Educación Primaria
- Artistas participantes: 15 voces e dirección.

Comida popular

- Lugar: Parque da Fenya e diversos lugares de forma espontánea nas beirarrúas
- Persoas / Entidades colaboradoras: Veciñanza do barrio
- Horario: 15.00 horas – 18.00 horas
- Cometido: Fomentar a convivencia veciñal no espazo público e o xantar comunitario
- Nivel de participación: A veciñanza ocupa a rúa, coa participación de 80 persoas que xantan nas súas mesas e cadeiras na beirarrúa e no parque.

Exhibición de bailes

- Lugar: Parque da Fenya / Cruce de Alegre con Rúa Doutor Sixto Seco
- Persoas / Entidades colaboradoras: Asociación de Tango e Carlota Manrique
- Horario: 17.00 horas – 18.00 horas
- Cometido: favorecer a práctica saudable de actividades físicas mediante o baile
- Tipos de actividade:
- 17.00 – TANGO. Exhición.
- 17.30 – BAILES LATINOS. Clase aberta. Participación de 40 persoas.

Panel de recollida de propostas sobre investimentos

- Lugar: Parque da Fenya
- Persoas colaboradoras: directiva da Asociación Veciñal de Canido
- Horario: 12.00 horas – 19.00 horas
- Cometido: recoller as propostas da veciñanza para investimento e equipamentos vinculados á mobilidade sostible
- Nivel de participación: retorno de 78 ideas escritas en tarxetas e na pizarra portátil, relativas na súa maioría á mellora de equipamentos deportivos e servizos medioambientais.

Microconferencias

- Lugar: Corral de Chapón
- Persoas colaboradoras e ponentes: Manuel Vellón, químico experto en calidade do aire, , David Cartelle, biólogo, experto en modelización ambiental, ambos fundadores Troposfera Solucións Sostibles, Camilo Casal, concelleiro de medio ambiente de Cedeira, con experiencia na divulgación ambiental e no activismo. Modera Guillermo Leira, directivo da AV Canido e técnico de medio ambiente.
- Horario: 18.00 – 20.00 horas
- Cometido: divulgar contidos sobre a calidade do ar, a contaminación acústica e atmosférica.
- Como público permanente 40 persoas, ademais da veciñanza de paso pola rúa Alegre que se detén a escoitar parte das exposicións.

ANEXO 1

Recollida de ideas - PANEL DE PROPOSTAS SOBRE INVESTIMENTOS

NATUREZA DAS PETICIÓNS	OPINIÓNS RECOLLIDAS – *expresións literais*
PARQUES E XARDÍNS / SERVIZOS – LIMPEZAS E MANTEMENTOS	• *Amañar o parque González Collado* • *Arreglar os furados do parque da Fenya (zona baixa ou González Collado)* • *Arreglar O Bertón (para chegar a Canido teño que pasar polo Bertón)* • *Arreglar beirarrúas levantadas polas árbores* • *Fonte de A Tafona ao seu sitio* • *Recollidas das cacas dos cans* • *Cestas de lixo con cinceiro* • *Lavadoiro limpiño adolescentes!!* • *Limpeza de rúas* • *Quitar malezas das rúas* • *Limpeza de maleza nas beirarrúas (enlace rotonda Malata-saída Canido)* • *Desatoar sumidoiros e varrer ben as cabichas e follas…* • *Podar as árbores* • *Podar as árbores por abaixo (acribros) na rúa Navegantes nº 12-14* • *Un dinoseto. Viva Vigo* • *Un parque novo ao lado do centro cívico*
MEDIO AMBIENTE	• *Crear arcas de compostaxe comunitario* • *Educación da veciñanza en temas medioambientais* • *Hortos urbanos* • *Máis zonas verdes*
MOBILIDADE / PEONILIZACIÓNS	• *Cortar o tráfico no centro* • *Que eliminen os coches do centro, así non hai nin persoas residindo nas casas e así é a cidade pantasma* • *Beirarrúas en Celso Emilio Ferreiro* • *Circulación prioritaria ciclistas na rúa Alegre* • *Rúa Alegre peonil* • *Rúa Alegre e Cruceiro de Canido peonil* • *Praza do Cruceiro peonil* • *Rúas peonís* • *Que os sábados se corten as rúas* • *Pechar o acceso aos coches un día ao mes* • *Non coches* • *Máis bicis públicas* • *Barras redutoras de velocidade (rúa Marola)* • *En lugar do bus que hai, tres microbuses* • *Tranvía ou microbús circular dende o barrio da Magdalena* • *Bus ecolóxico para o centro e o resto de Ferrol* • *Sitios patinables!* • *Escaleiras mecánicas dende a praza de Abastos ate o Cruceiro* • *Centros de carga de vehículos eléctricos*

EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS	• *Piscina xa* • *Que haxa piscinas* • *Pavillón de ximnasia* • *Pistas deportivas* • *Pistas deportivas* • *Arreglar pistas deportivas* • *Unha pista de fútbol con canastas* • *Pista polideportiva* • *Fitness area* • *Rocódromo* • *Un rocódromo en Antón Varela* • *Lugar de escalada* • *Carril bici* • *Carril bici – Estacionamentos bicis* • *Carril bici* • *Carril bici* • *Carril bici* • *Carril bici* • *Carril bici que una Canido coa Malata* • *Que volte a S.D. Canido. Opaí!*
SERVIZOS SOCIAIS E COLECTIVOS	• *Centro de Día – Xantar* • *Actividades para maiores* • *Que o albergue de Covas volva á xente do barrio, seus donos*
OBRAS	• *Un mercado de abastos* • *Paseo cuberto con tellado*
ACTIVIDADES DE LECER	• *Un barrio con ambiente* • *Máis festas como hoxe* • *Máis terraciñas e música en vivo* • *Máis opción veganas!* • *Orquestras para as festas dos Maios 2019* • *Que haxa máis comidas populares* • *Facer as Meninas máis veces* • *Que todos os sábados haxa un mercadiño!*
INFANCIA	• *Que os de máis de 5 anos poidan ir sos en autobús!* • *Que os nenos poidan facer concertos e que haxa máis excursións* • *Área infantil ao grande* • *Sinais de prohibido cans nos xardíns próximos aos parques infantís*
OUTROS	• *Menos trabas á hora de amañar pisos e edificios* • *Que deixen pintar a túa casa da cor que queiras. Viva a liberdade de expresión* *OPINIÓNS DE PERSOAS MAIORES SOBRE CIDADE ALEGRE* • *"Nunca tantas bicis vin na rúa" – Manuel, veciño, 87 anos.* • *"Isto é estupendo, tería que facerse todos os domingos" – María, veciña, 76 anos.*

ANEXO 2. IMAXES DE CIDADE ALEGRE

PANEL DE RECOLLIDA DE PROPOSTAS

MICROCONFERENCIAS

CARREIRA LENTA DE BICIS

EXHIBICIÓNS DEPORTIVAS





EXHIBICIÓNS DE BAILE

COMIDA POPULAR

ASALTOS MUSICAIS E DES-TAPA-CANIDO

ANEXO 3. LOCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS MUSICAIS – DES-TAPA-CANIDO

ANEXO 4. ALGUNS DISPOSITIVOS INFORMATIVOS

CARTEL NOS LOCAIS DE HOSTALERÍA

REDE SOCIAL – FACEBOOK

DORSAIS DA CARREIRA LENTA

Diario de Ferrol

Los barrios salen a la calle con varias actividades en "A Rúa é túa"

Coincidiendo con la llegada del otoño, Ferrol dijo ayer adiós a tres días cargados de actividad dentro de la Semana de la Movilidad. En la última jornada, aunque el tiempo fue un tanto desapacible

REDACCIÓN FERROL

24 DE SEPTIEMBRE DE 2018 (00:50 H.)

Coincidiendo con la llegada del otoño, Ferrol dijo ayer adiós a tres días cargados de actividad dentro de la Semana de la Movilidad. En la última jornada, aunque el tiempo fue un tanto desapacible, se llevaron a cabo varios actos en diferentes puntos de la ciudad, como las rutas guiadas de Modernismo y Ferrol en Feminino, así como la marcha ciclista con salida desde Armas. Tanto en la calle como en las redes sociales, continuó el debate sobre la peatonalización, siendo muchas las voces a favor de ver un centro libre de coches.

El concurso "A Rúa é túa" fue uno de los grandes protagonistas del día, con Canido como el epicentro gracias al programa "Cidade Alegre". Deportes, bailes, juegos tradicionales, charlas, proyecciones audiovisuales, carrera lenta de bicis mercadillo solidario, taller de cocina con energías renovables, una comida popular y música fueron algunas de las ofertas de las que se pudieron disfrutar en el barrio a lo largo del día. La calle Alegre se hizo peatonal para que pequeños y mayores disfrutaran caminando o utilizando vehículos sin motor.

La asociación Xeración también tenía previsto llevar a cabo su propuesta para el certamen –se presentaron un total de ocho y los ganadores se darán a conocer esta semana–, basada en la decoración de las paradas de autobús del Callao y la plaza de España y la realización de un debate sobre el futuro de Ferrol y la proyección de la película "Bikes vs.Cars!".

La Voz de Galicia

FERROL CIUDAD

Canido pone el broche al fin de semana de la movilidad en Ferrol

El barrio estuvo animado en una jornada sin coches y múltiples actividades

CESAR TOIMIL

BEATRIZCOUCE
FERROL 23/09/2018 18:57 H

Para poner el broche al fin de semana de la movilidad, Canido desplegó el programa Cidade alegre, con múltiples actividades desde primeras horas de la jornada. Una marcha ciclista, juegos en las calles para los niños y muchas actuaciones musicales dinamizaron el barrio, ya erigido como una de las zonas con mayor atractivo para el disfrute de la ciudad.

Establecimientos de hostelería de Canido secundaron una nueva edición del certamen Destapa-Canido, y la calle Alegre fue escenario de una comida popular, en la que no pocos bajaron sus mesas a la calle, como en anteriores propuestas, como la de Os Maios.

En el Corral del Chapón se llevaron a cabo conferencias sobre prácticas medioambientales sostenibles.

Mercado solidario, carrera lenta de bicis y ruta gastronómica en la 'Cidade Alegre' de Canido

FERROL360 | Miércoles 19 septiembre 2018 | 10:08

La calle Alegre de Canido será el domingo un hervidero de propuestas deportivas, culturales y gastronómicas, entre otras, para probar cómo sería una ciudad sin coches. Que nadie se asuste, que la arteria principal de Canido no está en el punto de mira de ninguna peatonalización, simplemente se trata de un pequeño ensayo.

Desde la Asociación Veciñal de Canido han preparado un completo programa de actividades que se enmarca dentro de la Semana de la Movilidad y el Día sin Coches. La entidad indica que «unha cidade que utiliza os seus espazos peonís no seu día a día, que fomenta a mobilidade sustentable e que coida o seu medioambiente é unha cidade alegre».

Y así han denominado este evento «Cidade Alegre», que según explican «continúa a filosofía da Asociación Veciñal de Canido na que o barrio é escenario e a veciñanza son os verdadeiros actores, así é unha iniciativa no barrio e co barrio».

Las actividades a desarrollar el domingo se articulan en tres ejes: acción, información y concienciación. Así, desde las 11:00 y hasta las 13:00 horas habrá exhibiciones deportivas de zumba, pilates y boxeo francés en el Parque de la Fenya. De 11:00 a 11:45 horas habrá torneo 2×2 de las cadetes femininas del BBCA en el cruce de la callle Alegre con la calle Coruña.

De 11:30 a 17:30 horas, en la praza da Auga, se desarrollará el proyecto educativo Chef Solar de los usos del sol. De 12:00 a 15:00 horas, mercado solidario en el Corral de Chapón. De 12:00 a 13:00 horas tiempo para la carrera lenta de ciclos, que busaca potenciar la bici como medio de transporte en detrimento del coche privado.

De 12:00 a 15:00 horas habrá proyecciones audiovisuales con la temática de la Semana Europea de la Movilidad. Al mediodía, tiempo para comer un pinchito con la ruta músico gastronómica des-tapa-Canido en las calles Alegre, cruceiro de Canido, Insua y Pérez Parallé, de 13:00 a 14:45 horas.

De 14:30 a 15:00 horas, actuación de Concerto Tempo en el parque de la Fenya. De 15:00 a 17:00 horas, comida popular en la misma ubicación en la que las personas que quieran participar deben llevar su mesa, sillas y comida.

Ya por la tarde, de 17:00 a 18:00 horas exhibiciones de bailes como tango, sevillanas y latinos en la calle Alegre con Doutor Sixto Seco. Para finalizar, de 18:00 a 20:00 horas, microconferencias en mesa de debate.

PRESENZA EN EMISORAS DE RADIO DE CARÁCTER LOCAL

RADIO VOZ. Voces de Ferrol, Venres 21 de setembro de 2018.

🔵*La Asociación Veciñal de Canido propone un domingo festivo y repleto de actividades bajo el título genérico de "Cidade Alegre" TE LO CONTAMOS AQUÍ*
🔴https://www.ivoox.com/28771100

RADIO FILISPIM. UNHA TARDE NO MUÍÑO. Luns, 17 de setembro de 2018. Anuncio do programa.

RADIO FILISPIM. UNHA TARDE NO MUÍÑO. Luns, 24 de setembro de 2018. Avaliación de Cidade Alegre.

RADIO CADENA SER. Luns 24 de setembro de 2018. Resultados da xornada de Cidade Alegre.

[AMPLIACIÓN DE INFORMACIÓN E IMAXES NO FACEBOOK " Asociación Veciñal de Canido"]